

SEMANA DO 1 AO 5 DE XUÑO

Cambiamos de mes e entramos na recta final de curso. O que máis me gusta das propostas desta semana é que vamos a experimentar un montón coas froitas. Estadades listos?

MISIÓN 1: ALIMENTOS DA NEVEIRA!

Vamos a observar todo o que temos na neveira e a facer unha serie de actividades:

- Escribir o nome de todos os produtos e anotar ao lado a cantidade dos mesmos
- Comparar e pensar que é do que máis temos? E do que menos?
- Clasificar os alimentos: por cores, por tamaños, por caducidade, por orixe...



MISIÓN 2: ABECEDARIO

Esta misión consiste en elaborar un abecedario cos logotipos, marcas dos alimentos e outros produtos que teñamos pola casa.

Seremos quen de completar todas as letras?

Si tedes rótulos repetidos ou que vos sobren non os tiredes porque con eles podemos elaborar uns quebracabezas. Compoñémolo pegando nun folio e intentamos recordar a que produto pertence e debuxámolo. Si non nos acordamos de que produto era ese logo moito mellor porque entón entra en xogo a nosa imaxinación e podemos inventar un novo produto e escribir o seu nome e para que serve.



MISION 3: DEGUSTACIÓN A CEGAS

Pedímoslle aos maiores que nos preparen unha cata a cegas dalgúns dos produtos que temos pola casa. Debemos tapar os ollos, degustar, describir verbalmente o que estamos tomando (sabores, textura, olores, sensacións etc.) anotar o que cremos que é e comprobar si acertamos.

Podemos facer o xogo en familia e ver que membro é o que máis acerta.


MISIÓN 4: CREACIÓNS ARTÍSTICAS

Vamos a experimentar coas froitas e verduras que teñamos na casa. Podemos facer unha merenda divertida ou tamén crear unha obra coa técnica da estampación.



MISIÓN 5: BUSCANDO A SIMETRÍA

Primeiro imos intentar cortar (coa axuda dun adulto) algunha froita intentando que queden as dúas partes o máis iguais posible.



Podemos tamén debuxar a metade da froita nun folio e completar a outra metade como máis vos guste pintando, estampando, con papeis etc.

E por último, son todos os obxectos simétricos? Podemos indagalo noutros obxectos ou mesmo na nosa cara mirándonos no espello ou cunha fotografía.



MISIÓN 6: ARCIMBOLDO

No seguinte enlace podemos descubrir quen era este pintor e tamén como crear a nosa propia obra na casa.

Outra actividade moi interesante é amosarlle aos nenos o cadros das Catro estacións de Arcimboldo e que eles intenten descubrir cal é cada estación. Logo podemos facer unha lista das froitas e verduras típicas de cada estación que aparecen nos cadros.

E, por suposto, non vos esquezades de facer a vosa propia obra: pode ser pintando, unha composición con froitas e verduras reais, con recortes de revistas....



MISIÓN 7: BATIDOS

Telmo e Tula convidánnos a un rico e refrescante batido de froitas para estes días tan calorosos (https://www.youtube.com/watch?v=fWzz4uwlVvI&feature=emb_title). Agora vos debedes facer o voso propio batido coas froitas que máis vos gusten.

Non esquezades escribir a receita completa e compartila con todos nós.

MISIÓN 8: AMBIENTADORES NATURAIS

A última misión desta semana consiste en crear un ambientador caseiro a base de froitas. Para iso precisamos:

- Rodadas de cítricos (limóns, laranxas, lima, pomelo...)
- Alcohol (de farmacia ou bebidas alcohólicas)
- Aromatizantes (ramiña de canela, vaina de vainilla, gotas de aceite da árbore do té, romero, menta, lavanda, eucalipto...)



Metemos todo nun frasco de cristal e tapamos. Ao cabo de 10-15 días destapamos e colocámolo nun recuncho da nosa casa para que ademais de decorar desprenda bo olor e boas vibracións.

Por último, déixovos algunhas actividade interactivas:

<https://learningapps.org/watch?v=pgzcn2d4k20> (comprensión lectora e completar ocos de texto)

<https://wordwall.net/play/1920/867/214> (que é?)

<https://learningapps.org/watch?v=pccqwzct20> (comeza pola sílaba..)

<https://learningapps.org/watch?v=pmqihmbtv20> (cada ovella coa súa parella)

<https://learningapps.org/watch?v=p12emujvn20> (coloca no grupo que corresponda)

<https://learningapps.org/watch?v=pftpccgg320> (aforcado)

<https://learningapps.org/watch?v=pif05gaoc20> (ordena os meses)

<https://wordwall.net/play/1921/374/692> (sumas)

Recordade que me tedes dispoñible a través do teléfono e do correo electrónico (yessica_rodriguez2013@edu.xunta.es). Agardo que vos divirtades e espero ver pronto os vosos traballos. Moito ánimo!